



CASTROMIL S.A.

CASTROMIL

viva en todos tiempos

hornos de calcinación continuos con vívora su pié y servicio de transporte aéreo a sus canteras

Producción anual 15.000 toneladas

Juan Barquindera

GRANDES FÁBRICAS DE CONSERVAS ALIMENTARIAS

SARDINAS EN ACEITE, SARDINAS EN TOMATE, PESCADOS Y CARNES EN CONSERVA.

PRODUCCION 10.000.000 LATAS POR DIA  
EXPORTACION A TODOS LOS PAISES DEL MUNDO.

DIPLOMAS DE HONOR Y  
MEDALLAS DE ORO  
JAMAS EXPOSICIONES.

TRABAJA EN  
LA RESERVA  
MENDUINA  
BARRA Y  
ARENAL.

ACCION DE QUINIENTAS PESETAS  
AL PORTADOR

# EMPRESARIOS

## DE GALICIA

XOÁN CARMONA BADÍA (coord.)

FUNDACION CAIXA GALICIA  
CIEF CENTRO de INVESTIGACION ECONOMICA y FINANCIERA

Con motivo de la inauguración del Ramo obrero de la Compañía a favor de la Sociedad de Instrucción y Ahorro "Joven y sus Concomites",

Con motivo de la inauguración del Ramo obrero de la Compañía a favor de la Sociedad de Instrucción y Ahorro "Joven y sus Concomites",

# EMPRESARIOS

## DE GALICIA



POUR LES GOÛTS = POUR TOUTES LES BOURSES  
S AVEC LE NOM "MASSO" CONTENTENT LE GOURMET PLUS EXIGEANT.

© CIEF, CENTRO DE INVESTIGACIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA  
FUNDACIÓN CAIXA GALICIA, 2006

SUPERVISIÓN E COORDINACIÓN TÉCNICA EDITORIAL:  
Departamento de Publicacións e Documentación  
Fundación Caixa Galicia

DISEÑO GRÁFICO: uqui lllll cebra

IMPRESIÓN: Litonor

ISBN: 84-96494-83-7

DEPÓSITO LEGAL: C-2900-2006





de *Marcelino Suárez González*



Cal viva en todos tiempos

an batería de hornos de calcinación continua con vía á su pié y servicio de transporte aéreo á sus canteras

Producción anual 15.000 toneladas

*Juan Farguindey*  
DISEÑADO

# EMPRESARIOS DE GALICIA

XOÁN CARMONA BADÍA, (coord.)

POUR LES GOÛTS = POUR TOUTES LES BOURSES  
S AVEC LE NOM "MASSO" CONTENTENT LE GOURMET PLUS EXIGEANT.



JOSE F. GUTIERRA

MONOPOL

CALERAS DE VALDEORRAS

de *Marcelino Suárez González*





# Cal viva en todos tiempos

con batería de hornos de calcinación continua con vía á su pié y servicio de transporte aéreo á sus canteras

**Producción anual 15.000 toneladas**

ERNESTO RICCHIARDI  
SANTIAGO  
400.000 PESEETAS  
CIENTAS PESEETAS  
POTADOR

Con motivo de la inauguración del Trámite eléctrico de la Comuna á fecha  
la Sociedad de Instrucción y Apoyo "Jaco" y sus Contornos  
con motivo de la inauguración del Trámite eléctrico de la Comuna á fecha  
la Sociedad de Instrucción y Apoyo "Jaco" y sus Contornos

## Índice

### Presentacións

José Luis Méndez López .....	11
Manuel Puga Pereira.....	15

### Introdución

Xoán Carmona .....	17
--------------------	----

### Unha cara oculta da nosa historia

Ramón Villares .....	27
----------------------	----

### Antonio Raimundo Ibáñez (1749-1809)

Pegerto Saavedra .....	42
------------------------	----

### Manuel de la Riba Moreno (1780-1831)

Xosé R. Barreiro Fernández .....	66
----------------------------------	----

### José Pastor Horta (1820-1877)

María Teresa Burés Miguéns .....	86
----------------------------------	----

### Juan Harguindey Broussain (1839 -1911)

María Teresa Fernández Vázquez .....	108
--------------------------------------	-----

### Pedro Murias (1840-1906)

Ana Cabana Iglesia .....	124
--------------------------	-----

### Olimpio Pérez Rodríguez (1841-1915)

M. <sup>a</sup> Jesús Facal Rodríguez.....	140
--	-----

### Melitón D. Domínguez Leal (1843-1916)

Jesús Giráldez Rivero .....	162
-----------------------------	-----

### Enrique Peinador Vela (1847-1917)

Luis Domínguez Castro e Xosé Ramón Quintana Garrido .....	182
--	-----

### José María Rivera Corral (1856-1936)

Luis Alonso Álvarez .....	204
---------------------------	-----

### Dionisio Tejero Pérez (1856-1941)

Elvira Lindoso Tato .....	218
---------------------------	-----

<b>Marcelino Suárez González (1866-1949)</b>	
Ricardo Gurriarán Rodríguez .....	236
<b>José Barreras Massó (1867-1950)</b>	
Xoán Carmona Badía .....	258
<b>José Ramón Curbera Fernández (1870-1937)</b>	
Xoán Carmona Badía .....	282
<b>José Barro González (1873-1943)</b>	
Carlos Nuevo Cal .....	302
<b>Manuel Álvarez Pérez (1873-1938)</b>	
<b>e Moisés Álvarez O'Farrill (1904-1975)</b>	
Ana María Navas Novas .....	318
<b>Evaristo Castromil Otero (1876-1969)</b>	
Daniel Seijas Llerena .....	344
<b>Antonio Valcarce García (1888-1978)</b>	
M. <sup>a</sup> Jesús Facal Rodríguez .....	362
<b>Pedro Barrié de la Maza (1888-1971)</b>	
María Teresa Burés Miguéns .....	386
<b>Gaspar Massó García (1892-1991)</b>	
Luisa Muñoz Abeledo .....	412
<b>José Fernández López (1904-1986)</b>	
Xoán Carmona Badía .....	432
<b>Manuel García Cambón (1907-1993)</b>	
Eduardo Rico Boquete .....	460
<b>José Rodríguez López (1910-2004)</b>	
Alberte Martínez López .....	480
<b>Ricardo Bescansa Martínez (1912-1986)</b>	
Manuel Jaime Barreiro Gil .....	502
<b>Eulogio Gómez Franqueira (1917-1988)</b>	
Luis Domínguez Castro	
e Xosé Ramón Quintana Garrido .....	514



**JOSÉ RODRÍGUEZ LÓPEZ**

**1910-2004**



## UN CAPITÁN DE INDUSTRIA Á VELLA USANZA

**Alberte Martínez López**  
Profesor titular da Universidade de Santiago



Para a elaboración da biografía do empresario José Rodríguez López recorreremos basicamente a entrevistas mantidas con dous dos sobriños que máis colaboraron con el: Julio Rodríguez Lledó e José Luis Rodríguez Otero. A reconstrución da evolución das súas empresas<sup>1</sup> baseouse nas memorias (Táblia), xenerosamente cedidas polo seu presidente Ernesto Jarabo Esteban, na documentación dos rexistros mercantís de Lugo e Pontevedra, cuxa consulta me facilitaron desinteresadamente os seus responsábeis, e da Delegación Provincial de Agricultura de Lugo, afortunadamente conservada polo celoso director do IPA José Mouriño Cuba, así coma en entrevistas mantidas con distintos empregados das súas empresas (Francisco Castedo, director da planta de Robra da actual Peñasanta e José Yebra, director de produción da mesma fábrica). A todos eles, incluído Diego Fernández, responsábel do arquivo fotográfico de *El Progreso*, vaia o meu fondo agradecemento.

Lamentablemente, a documentación orixinal das empresas Granja Arjeriz e Larsa desapareceu case que totalmente, fenómeno por desgraza bastante frecuente neste país, mesmo con outras sociedades importantes.

---

<sup>1</sup> A contextualización destas baseouse principalmente nos traballos de Victoriano Calcedo e Alberte Martínez no libro de DOMÍNGUEZ (1996).

Neste senso, facemos un chamamento á sensibilidade dos empresarios e das súas organizacións representativas para a conservación e o acceso aos arquivos empresariais, fonte básica para a reconstrución do pasado das compañías, que forma parte importante tamén da propia historia de Galicia.

### **As primeiras tentativas no sector lácteo antes da Guerra Civil**

José Rodríguez López naceu na casa de Pousada, parroquia de Mariz, pertencente ao concello de Chantada o 11 de marzo do 1910 no seo dunha familia de labregos acomodados, cuxo acceso á propiedade da terra se remontaba ao século XVIII cando menos.

Eran un total de oito irmáns, por idade: Juan e Camilo, odontólogos ambos en Chantada e Madrid, Celia, mestra —profesión que exerceu quince anos—, José, Antonio, Castor e Manuel, estes catro últimos de vocación empresarial agropecuaria, e Joaquina. José ocupaba, pois, o posto número catro e era o maior dos que se dedicarían ao sector lácteo o que pode axudar a entender, xunto co seu carácter, a súa preeminencia inicial nos negocios familiares.

Ora por continuar a tradición familiar, ou máis ben porque os seus irmáns maiores xa estaban a estudar bacharelato e non había suficientes recursos económicos, José cursou os seus estudos no seminario de Lugo.<sup>2</sup> Estivo a piques de ordenarse sacerdote pero finalmente decidiu non facelo, en parte se cadra por unha prolongada enfermidade que padeceu. Unha temperá anécdota que amosa o seu forte carácter era o feito de obrigar os seus irmáns menores a rezar con el cando volvía ao fogar desde o seminario. Porén, con posterioridade abandonaríaa práctica relixiosa, aínda que sempre mantivo boas relacións co estamento eclesiástico.

Ambos proxenitores —Julio Rodríguez Quintana e Josefina López Suárez— tiñan un nivel elemental de instrución e eran galegofalantes; a súa nai era unha muller de forte carácter, que herdaría seu fillo José. A súa familia por parte paterna estaba integrada por agricultores acomoda-

---

<sup>2</sup> Os irmáns menores formáronse co seu tío Xan de Forcados no Saviñao e en Madrid.



dos e eran orixinarios de Pousada de Mariz (Chantada). En troques, a súa póla materna —procedente da aldea de Forcados (O Saviñao)—, era máis ilustrada, composta por persoas de profesión liberal, tamén con propiedades agrarias pero de menores posibilidades económicas cá familia paterna. Así por exemplo, os dous irmáns da súa nai realizaron estudos universitarios —ampliados no estranxeiro—, algo pouco frecuente na época nun medio rural aínda que acomodado. Neste senso, Julio López Suárez cursou estudos de tipo agrario en Alemaña —onde coñeceu a Cruz Gallástegui—, que seguramente resultaron útiles nas primeiras experiencias familiares na elaboración de produtos lácteos.


Pero a figura sen dúbida máis salientábel foi o seu outro tío Juan López Suárez, *Xan de Forcados*, dono dunhas leiras nesa aldea, médico que realizou viaxes de estudos, como bolseiro, por Alemaña e polos EE.UU.<sup>3</sup> Esta persoa foi a que máis influíu na vocación empresarial agroindustrial dos irmáns Rodríguez López. En efecto, ademais das súas preocupacións culturais, manifestou un grande interese —no contexto da burguesía ilustrada rural do primeiro terzo do século XX impulsora do movemento agrarista—, polos problemas do campo. Nesa liña promoveu diversas melloras rurais na súa bisbarra natal, a construción de máis de cen quilómetros de camiños veciñais na provincia de Lugo —especialmente no seu concello do Saviñao—, e colaborou, xunto co seu irmán Julio, coa Misión Biolóxica de Galicia, onde mantivo amizade con científicos progresistas e galeguistas como Cruz Gallástegui e Odriozola.

O primeiro terzo do século XX contempla o lento agromar do sector lácteo galego.<sup>4</sup> Ten lugar un importante crecemento da produción leiteira e da cota galega no conxunto español. Porén, no interior da cabana bovina aínda non existía unha decidida especialización láctea. De feito seguía predominando a tradicional función tripartita de carne, leite e traballo, o que explica —xunto coa pobre selección xenética e deficiente alimentación— os baixos rendementos leiteiros. O que si se aprecia é unha crecente concentración da produción láctea nas provincias do norte de Galicia, agraciadas por unhas mellores condicións naturais.


Fotografía da páx. seguinte:  
Fábrica de LARSA en  
Vilagarcía, circa 1960

<sup>3</sup> FILGUEIRA (1974).

<sup>4</sup> MARTÍNEZ LÓPEZ (1991).









A meirande parte da produción destinábase ao consumo humano ou das crías. Non obstante, existía unha tendencia alcista na produción de manteiga e, sobre todo, queixo, sendo esta última o produto maioritario. En calquera caso, os métodos de obtención eran de tipo artesanal.

A práctica totalidade das empresas lácteas galegas non superaban o seu carácter familiar e pequeno tamaño, tanto en cantidade de leite recollido, produción, ou número de empregados. Os factores de localización tentan conxugar o seu carácter centrípeto respecto á produción leiteira coa accesibilidade aos centros consumidores.

Na década dos trinta comeza a penetración en Galicia de potentes grupos empresariais foráneos, como o asturiano Mantequerías Arias e o suízo Nestlé.

En definitiva, o sector lácteo galego, a pesar de dispor de certas condicións naturais favorábeis non logra afianzarse plenamente durante este período, debido principalmente ao reducido do seu mercado autóctono e á dificultade de acceso ao mercado español.

Neste contexto é no que xorde a experiencia empresarial da familia Rodríguez López. Por iniciativa dos dous tíos maternos citados —Julio e Juan—, estes e os seus catro sobriños menores comezarán a súa primeira andaina empresarial, creando un establecemento lácteo en Arxeriz, parroquia de Fión (O Saviñao) nos anos trinta. Esta iniciativa xurdiu en contacto coas Mantequerías Leonesas, cadea comercial creada dúas décadas antes e que iniciaba a súa expansión polo oriente galego buscando aprovisionarse da materia prima que lle dá nome. Desta compañía seguramente recibirían material técnico, como desnatadoras mecánicas para a súa distribución entre o campesiñado da bisbarra e expediríanlle os produtos envasados nas súas instalacións, cun grao mínimo de transformación, como era a norma habitual daquela na maior parte destas instalacións. O capital inicial era moi pequeno e debeu proceder de Xan de Forcados.

Nos seus inicios José contou coa estreita colaboración dun antigo compañeiro de seminario, Vázquez, natural de Rodeiro, que logo pasaría a traballar en LARSA. Nesa época erguíase ás catro da mañá e ía en bicicleta a recoller mostras de leite para controlar a súa calidade.

Probabelmente en relación con estas inquedanzas pola transformación dos produtos agropecuarios asistiu —despois de abandonar o seminario—, a aulas nunha escola de capacitación agraria en Madrid, onde

se impartían cursos de derivados lácteos, enoloxía, etc, seguramente estimulado polos seus tíos.

Durante a guerra non foi mobilizado, quizais porque xa estaban na fronte varios dos seus irmáns ou tamén por consideralo máis útil na retagarda ca na fronte.

### **As dificultades do primeiro franquismo e a institucionalización societaria**

A política agraria dos anos corenta vai sumir a agricultura galega nunha fonda crise, manifestada nun descenso das producións e dos rendementos; os retrocesos son especialmente significativos nas especies de maior relevancia e dinamismo na gandaría galaica, caso do vacún e do porcino.<sup>5</sup>

O proceso de modernización iniciado no primeiro terzo do século vaise deter de vez. A tendencia á especialización pecuaria será freada pola imposición dun enfoque forestal do monte. Afíanzase a orientación cárnica da cabana, reforzada polo comportamento relativo do seu prezo e do leite.

O sector lácteo tende, logo dunha recuperación da caída dos anos corenta, a estancarse e perder peso nun conxunto español que está xa comezando a despegar.

Un fito importante neste proceso de modernización foi o Plan de Centrais Leiteiras de 1952.<sup>6</sup> Pretendíase con el estimular a produción, para satisfacer unha demanda expansiva, e mellorar a súa deficiente calidade hixiénica, prohibindo a venda de leite cru nas cidades e centralizando este. A súa aplicación foi moi lenta, así funcionaban a finais da década apenas un 10% das centrais previstas. A aplicación do Plan deu orixe á formación de dous tipos de empresas, as centrais e as industrias transformadoras; as primeiras foron as que hexemonizaron o sistema lácteo español.

O grao de comercialización e transformación industrial da produción leiteira galega seguía sendo moi baixo. Porén, a instalación e expansión dunha serie de empresas estimulou a reorientación produtiva das explo-

---

<sup>5</sup> MARTÍNEZ LÓPEZ (2000).

<sup>6</sup> CALCEDO (1996), pp. 236-237.

tacións na súa área de influencia. A difusión do desnate mecánico do leite entre os labregos, case inexistente antes da Guerra Civil, colleu certo pulo grazas aos esforzos de técnicos e empresas.

Durante a guerra os tíos abandonaron o negocio e continuaron os sobriños en solitario, que trasladaron as instalacións desde Arxeriz a Chantada, probablemente por estar situada nunha importante zona abastecedora de leite, estar mellor comunicada e constituír un pequeno mercado. A produción seguía centrada na manteiga, aínda que se comeza xa co queixo.

En 1947 tres dos irmáns afástaronse do primeiro dos negocios familiares e pasan a establecer en Vigo, un mercado con máis potencial de crecemento que Chantada, unha pequena planta dedicada aos mesmos mesteres. LARSA, que tal, sería o nome da nova firma, ampliará axiña a súa actividade a Vilagarcía (c. 1950) e establecerá unha central leiteira en Vigo, ao agarimo do Plan de 1952. O primitivo negocio de Chantada quedaría daquela nas mans de José, que moi logo o ampliaría a Lugo e outras localidades, ata a súa centralización na Robra no ano 1957.

A constitución oficial de LARSA (Lacto-Agrícola Rodríguez Sociedad Anónima) tivo lugar en 1947, inicialmente baixo a denominación Productos Lácteos Gallegos. A sociedade —igual que Granja Arjeriz— foi rexistrada en Madrid, fenómeno bastante frecuente nas empresas españolas da época, para estar preto dunha administración centralizada e discrecional.

Os socios fundadores foron os irmáns Camilo —residente en Madrid— e Manuel, que achegaron cada un un terzo do millón e medio de capital inicial. O terzo restante ficaría en carteira, e foi desembolsado en 1954 por outros irmáns, entre eles José, subscribindo este só cinco accións de cinco mil pesetas cada unha. José ocuparía a presidencia do Consello de Administración desde a fundación da empresa ata 1953 en que abandonaría o posto e deixaría de concorrer ás ampliacións de capital, por mor do distanciamento cos seus irmáns. LARSA e ARJERIZ seguirán desde aquela camiños diferentes.

A Sociedade Anónima Granja Arjeriz constituíuse en 1951 —e conservou o nome inicial— por José e Camilo, aproveitando outra volta a residencia madrileña deste último, en cuxo domicilio se fixou a razón social. O seu capital inicial, de 600.000 pesetas, foi subscrito nos seus





dous terzos por José e o resto polos irmáns e pola nai. Deste xeito José garantíase o control da nova sociedade, cuxa presidencia ostentará case que ininterrompidamente ata 1982, así evita as disensións xurdidas en Larsa cos seus irmáns. Non obstante, os seus irmáns Camilo e Manuel acompañárono no Consello de Administración ata os anos sesenta.

A denominación da empresa pretendía entroncala co núcleo orixinario. Debido á dificultade de comunicacións e ao fragmentado e ao espallado da oferta, creou varios establecementos de recollida e centralización do leite, onde se desnatava para obter manteiga, na zona de Chantada, Ferreira de Valadouro, Rende (preto de Ribadeo), Cambeo (Coles, preto de Ourense), Sarria, Friol e Lourenzá. Porén, as primeiras referencias oficiais localizadas sitúan as instalacións en Vilalba, a mediados dos anos 40, onde se dedicaba á fabricación de manteiga e queixo.

En 1957 levouse a cabo o seu traslado a Robra (Outeiro de Rei), onde deu o salto definitivo da manteiga ao queixo e adaptouse con axilidade aos cambios nos gustos dos consumidores. Os principais motivos do traslado foron centralizar a zona de recollida e as facilidades para a exportación dos produtos elaborados, por mor da proximidade ao ferrocarril e á estrada A Coruña- Madrid.

O labor pedagóxico de Granja Arjeriz e LARSA para convencer os campesiños de orientar a súa produción cara ao mercado foi importante, pois o predominio dunha economía autosuficiente, reforzada durante o retroceso do primeiro franquismo, motivaba que houbese pouco costume de vender leite,<sup>7</sup> o que unido ao minifundismo, espallamento das explotacións e deficientes comunicacións ocasionaba un forte encarecemento na obtención da materia prima. Esta escaseza obrigaba ás veces a disputar con outras empresas as redes de provedores, que se estendían bastante xeograficamente, aínda que a competencia non era moi forte neses anos debido ao escaso número de fábricas. Co gallo de evitar disputas fraternas, chegouse a un acordo de repartición territorial da recollida do leite entre Arjeriz (centro e norte da provincia de Lugo) e LARSA (parte sur de Lugo, e Pontevedra).

---

<sup>7</sup> Ademais diso, estaba socialmente mal vista a súa venda, considerada cousa de pobres, de aí que ás veces se fixese ás agachadas.

Nesta liña modernizadora José Rodríguez promoveu, aproveitando o seu predicamento entre os labregos dada a súa extracción rural e autóctona, campañas de mellora da cabana e a importación de exemplares especializados e altamente produtivos de raza frisona.

Aínda que residiu case que toda a súa vida en Lugo, entre 1954 e 1956 viviu en Venezuela, onde o home da súa irmá Celia tiña negocios, quizais para sondar a posibilidade de crear alí algunha sociedade tamén, para aproveitar a bonanza da economía venezolana da época.

### **A expansión e diversificación de actividades cara ao sector forestal nos anos sesenta e setenta**

Unha serie de factores vanse conxugar para provocar un importante pulo da demanda de produtos gandeiros en España nos anos sesenta e primeiros dos setenta. Entre eles cómpre citar o crecemento demográfico, o intenso dun proceso de urbanización e industrialización, o aumento da renda, a evolución dos prezos relativos e o fenómeno turístico.

A partir dos anos sesenta a agricultura tradicional galega entra nun proceso de lenta erosión e reorientase cara a aqueles produtos nos que posuía vantaxes comparativas e nos que a produción da cornixa cantábrica estaba acadando o seu teito: consolidarse como abastecedora cárnica e desenvolver o seu potencial lácteo.

A diferenza do acontecido no primeiro terzo do século este proceso de «modernización» estará agora liderado polas industrias, con presenza do capital estranxeiro sobre todo a partir dos anos oitenta.

Dentro da produción final animal destaca o progresivo incremento na participación do leite e dos ovos, ilustrativo da paulatina orientación láctea da cabana galega.<sup>8</sup>

Nas producións lácteas obsérvase un crecemento acelerado, ao incrementarse a transformación industrial, especialmente en forma de queixo, seguindo as novas pautas de consumo.

Estas positivas expectativas de negocio van ser aproveitadas rapidamente polos irmáns Rodríguez, que proceden a unha serie de sucesivas

---


<sup>8</sup> MARTÍNEZ LÓPEZ (1996).



ampliacións das súas respectivas empresas ao longo dos anos sesenta e setenta, coa finalidade de incrementar as súas capacidades produtivas e modernizar tecnoloxicamente as súas instalacións.

A este respecto, cómpre salientar a preocupación de José Rodríguez por manter actualizada tecnicamente a súa fábrica. Porén, menor importancia lles concedía aos aspectos de mercadotecnia xa que seguía considerando que un bo produto se vendía só (*o bo pano na arca véndese*). A súa preocupación esencial era a modernización tecnolóxica, pero non tiña un plan global deseñado previamente que fose desenvolvendo, senón que a súa empresa se ía ampliando tecnicamente dun xeito un tanto desordenado, fenómeno que estaba bastante xeneralizado nas empresas da época. Pola contra, a estratexia expansiva será distinta en LARSA e Tablicia, con cadros directivos, cun plan, etc.

Fotografía aérea da fábrica  
TABLICIA. Ano 1978.  
Cortesía de *El Progreso*



A principios dos sesenta Granja Arjeriz era aínda unha pequena empresa cun cadro de persoal de 33 empregados (só un deles técnico) que producía anualmente sesenta tm de queixo e nove de manteiga. Coas sucesivas ampliacións acadará en 1978 unha produción de 2.300 toneladas de queixo, 3,6 millóns de litros de leite e 350 toneladas de manteiga, todo isto con noventa empregados.

O financiamento destas ampliacións correu a cargo principalmente do reinvestimento de beneficios non distribuídos e, en menor medida, de créditos procedentes do Banco Hispanoamericano, principal entidade financeira coa que traballou José Rodríguez, sobre todo ao principio. As ampliacións de capital deses anos —o capital pasou a 38 millóns de pesetas en 1977— reforzaron a posición de José, xunto coas reformas estatutarias acometidas, que incrementaban as súas competencias.

Algunhas destas ampliacións acolléronse aos beneficios financeiros e fiscais oficiais, aínda que, en xeral, o carácter retraído de José Rodríguez e a súa aversión polas relacións públicas restoulle maior atención por parte da Administración ás súas empresas.

Granja Arjeriz orientou a súa produción queixeira cara ao segmento baixo da demanda e tivo os seus principais consumidores entre os xornaleiros agrícolas andaluces, aínda que tamén vendía nos núcleos urbanos de Madrid, Cataluña e o País Vasco.

Nesa época, a importante acumulación de beneficios procedente de Granja Arjeriz, o seu buque insignia, permitiulle a José Rodríguez realizar unha serie de investimentos para incrementar e diversificar —aínda que preferentemente no eido agrario— as súas operacións. Estas centráronse esencialmente en dous sectores: o gandeiro e o forestal.


Polo que atinxe á gandaría e aos seus derivados, José Rodríguez adquiriu unha serie de leiras dedicadas á gandaría —bovina e porcina— e ás árbores froiteiras en Robra, Salamanca e Aragón (con anterioridade xa posuía algunhas en Chantada). Porén, non se trataba propiamente dun proceso de integración vertical cara atrás, pois a cantidade de leite obtido nesas explotacións era unha ínfima parte do tratado na súa fábrica de Robra; probablemente era consciente de que esa primeira fase do proceso produtivo resultaba máis rendíbel deixala nas mans dos propios gandeiros. Fíxose tamén cunha pequena fábrica familiar de pasteurización de leite e elaboración de queixos en Guitiriz en 1967, que tratou de trasladar

Fotografía da páx. seguinte:  
Imaxe recente da fábrica  
da Robra, pertencente  
actualmente á  
Corporación Peñasanta.  
Cortesía de *El Progreso*

primeiro a Robra e logo a Lugo. Aproveitou unha viaxe a Alemaña para facerse cos servizos dun técnico, creou cun socio dese país Industrias Germano-Españolas S.A. (ILGESA), situada tamén en Robra. Iniciativa súa foron tamén Agropecuaria da Veiga e Agroesa. Outras empresas lácteas adquiridas neses anos foron Industrias Lácteas Montelarreina (Zamora) e outra pequena fábrica en Aia (Gipuzkoa). Tiña tamén participación no matadoiro cooperativo de Monforte; quedaríase posteriormente con el cando se considerou por parte de UTECO o seu peche por creba. A súa teima en non pechar esta industria por non despedir os traballadores e pola súa amizade co alcalde Celestino Torres foi un auténtico desastre económico.


No eido forestal José Rodríguez xa comezara a adquirir numerosos montes a partir dos anos cincuenta, posibelmente albiscando o prometedor futuro que lle esperaba a este sector, no que daquela se iniciaban masivos —e conflictivos— plans de repoboación estatal.<sup>9</sup> Nos seus montes, que se situaban desde Ribadeo á zona de Ferrol, levou a cabo plantacións de piñeiros e eucaliptos, que defendía pola súa elevada produtividade, non amosou especial sensibilidade ambiental ao respecto. A culminación desta estratexia terá lugar coa fundación de Tablicia en 1973, que se localizará en Nadela, preto de Lugo.

Como antecedentes da constitución de Tablicia, José Rodríguez López formou un grupo de promotores, na súa maior parte produtores de madeira da maraña lucense, aos que lles propuxo a creación da compañía co obxecto da revalorización do sector forestal mediante a transformación do produto primario, co



<sup>9</sup> RICO BOQUETE (1999).





consequente valor engadido, e a súa distribución en forma de taboleiro. O capital inicial foi de só 300.000 pesetas, do que José Rodríguez foi o principal accionista, coa cuarta parte.

José Rodríguez contactou con Ernesto Jarabo Esteban, economista e daquela director de FRIGSA, para que colaborase na execución do proxecto, como conselleiro-delegado executivo. Ata 1983 José Rodríguez López figura como presidente e logo pasa a ostentar a presidencia honorífica.

A marcha económica desta empresa foi positiva desde os primeiros exercicios, incrementando a súa produción, vendas e exportacións, así como o seu capital social, que acadou os 500 millóns de pesetas en 1979. Con carácter xeral, aplicouse unha política conservadora de autofinanciamento e incrementouse o fondo de amortización do inmovilizado de maneira que se capitalizou así a sociedade.

O modelo de empresa de Tablicia era xa diferente ao de Granja Arjeriz. En Tablicia José Rodríguez non puido —ou non quixo dada a súa avanzada idade e maior descoñecemento técnico do sector—, impoñer totalmente as súas ideas. Cimentouse unha empresa moderna desde o principio, non só desde o punto de vista tecnolóxico senón tamén de organización empresarial, cunha dirección profesionalizada e colexiada, unha maior vocación internacional e unha política de retribución do accionista menos draconiana.

Creou tamén Áridos del Cantábrico en Xove, dedicada á explotación dunha canteira. Mantivo a súa participación nela ata o final da súa vida.

O que nunca lle atraeu foi o investimento inmobiliario —agás as vivendas construídas para os seus empregados—, que consideraba excesivamente especulativo, nin tampouco a Bolsa, polo mesmo motivo.

O modelo de relacións laborais implantado nas súas empresas —Arjeriz principalmente— podemos cualificalo como de paternalista. Coñecía persoalmente a todos os seus empregados. Encargábase directamente da selección do persoal, que adoitaba proceder do medio xeográfico e familiar da propia fábrica. Tratábase, pois, esencialmente dun mercado laboral interno. En troques, nas súas empresa forestais comezaron a aplicarse métodos máis modernos de selección de persoal, en especial para cargos directivos.

O grao de estabilidade no emprego era moi elevado; os despedimentos eran descoñecidos, o que favorecía a fidelidade persoal á empresa e os



procesos de formación laboral e de promoción profesional. A aprendizaxe era interna e corría a cargo do persoal con maior experiencia.

Aínda que os salarios eran algo inferiores aos doutras empresas do sector ou do próximo Lugo, víanse compensados con certas melloras sociais como comedor, vivendas en Lugo a prezo de custo, desprazamentos gratuítos ou prezos reducidos nos produtos da fábrica. Porén, en Tablicia as cousas foron algo distintas tamén neste aspecto e, a diferenza de Arjeriz, houbo duras folgas na transición que levaron o propio empresario a enfrontarse persoalmente aos piquetes, amosando a firmeza do seu carácter. Non obstante, en ambas as sociedades — como sucedía tamén en Larsa — entregou accións a empregados, ademais de a determinados sobriños.

Estas relativas boas relacións cos seus empregados estendíanse aos seus provedores labregos, entre os que tiña bo creto, pois a pesar de pagar-lles tarde en ocasións, nunca faltaba aos seus compromisos.

### **A crise do sector lácteo, a reorientación cara ao forestal e o abandono da actividade empresarial, anos oitenta e noventa**

A partir da crise dos anos setenta o consumo de produtos gandeiros estáncase. A todo isto sumaráselle o impacto da entrada de España na CEE en 1986. A Política Agrícola Común (PAC), columna vertebral da CEE, xerou crecentes excedentes sobre todo en derivados pecuarios (manteiga, carne), cuxos elevados gastos de financiamento provocaron reiteradas críticas. Isto vai ocasionar a introdución de cotas lácteas e a conxelacións de prezos. A apresurada e deficiente negociación para a entrada de España no Mercado Común Europeo implicou a aplicación de cotas a un mercado como o español que era deficitario; deste modo facilitouse a penetración dos excedentes e dos grandes grupos lácteos, franceses sobre todo, acompañados moitas veces de grandes superficies comerciais distribuidoras dos devanditos produtos.

As producións lácteas galegas seguiron medrando fortemente ata 1988, en que se estancan, cando menos as cifras oficiais, por mor da aplicación do sistema de cotas. Pola contra, o sector forestal adquire un crecente papel, en relación co déficit comunitario en madeira e produtos semielaborados.

Nos primeiros anos oitenta, aínda baixo a dirección de José Rodríguez, Granja Arjeriz continuou obtendo bos resultados, incrementou a súa capacidade produtiva mediante novas ampliacións de capital, que acadou os 189 millóns de pesetas en 1982.

En 1983 José vendeu as súas accións en Granja Arjeriz a LARSA nunhas condicións moi vantaxosas para esta última, a pesar de que recibiu ofertas de diversos grupos lácteos, algúns deles estranxeiros. O motivo principal foi probabelmente a súa avanzada idade, carecer de descendencia, ser consciente de que por iso a súa empresa non sobreviviría ao seu falecemento e o desexo de reunificar a vella empresa familiar, unha vez superadas as vellas friccións cos seus irmáns e retirados estes xa da dirección efectiva de Larsa, substituídos nelas polos seus sobriños. Porén, un sente a tentación de imaxinar que tamén puido pesar o seu fino olfacto de negociante, que albiscou as inminentes dificultades para o sector lácteo derivadas da entrada de España na CEE e a potenciación do sector forestal, no que mantivo os seus investimentos.

A crise tamén lle afectou a Tablicia nos primeiros anos oitenta o que probabelmente acelerou a súa dimisión en 1983 da presidencia executiva, xunto coa desilusión polo proxecto frustrado de celulosa e papeleira en Fazouro. Ese ano, pois, marca a súa retirada da primeira liña do mundo dos negocios. En 1992 desprendeuse da súa participación nas empresas forestais, pola situación de crise e unha posíbel falta de entendemento co grupo Tojeiro.

A actuación dos novos xestores de Arjeriz, agora englobada na estratexia global de LARSA, foi bastante negligente; nos anos oitenta acometeu unha ambiciosa e pouco meditada política de expansión, mercou unha serie de empresas lácteas deficitarias que acabaron arrastrando á creba da empresa matriz a finais da década. Este fatal desenlace afectou excesivamente a José Rodríguez, que tivo fortes discusións co sobriño responsábel da xestión neses momentos.

Larsa foi adquirida en 1990 pola Union Laitière Normande (ULN) que á súa vez tamén será absorbida dous anos despois por outro grupo lácteo francés —Bongrain. Larsa finalmente pasa en 1997 a pertencer á Corporación Alimentaria Peñasanta, integrada por CLA (Central Lechera Asturiana) —2/3 do capital— e Bongrain cun terzo. A Xunta de Galicia, con escasa convicción, tratou de impulsar a creación dun grupo lácteo

galego e propúxolle a José Rodríguez liderar a operación, pero este declinou o ofrecemento, posibelmente por marrarlle os azos.

José Rodríguez tiña unha serie de características psicolóxicas que axudan a entender mellor o seu perfil empresarial, bastante prototípico do clásico capitán de industria, matizado polo *ethos* galaico. A súa vocación empresarial era innata, aínda que foi influída e estimulada inicialmente polo seu tío Xan de Forcados. Esta vocación era compartida cos seus tres irmáns. Era unha emprendedor nato, cunha gran visión de futuro e que sabía explotar perfectamente as expectativas de negocio.

Posuía unha enorme capacidade de traballo, favorecida pola ausencia de obrigas familiares. Despachaba telefonicamente pola noite cos seus empregados e comisionistas e durmía apenas tres ou catro horas. Ás cinco da mañá xa estaba na fábrica efectuando persoalmente labores manuais, antes da chegada do persoal, co que xantaba de rancho. Ás veces para aproveitar aínda máis o tempo durmía un pouco no propio coche durante as súas viaxes. Nunca quixo conducir, alegando motivos de seguridade, aínda que lles adoitaba meter bastante présa aos seus choferes dado o seu intenso ritmo de traballo.

Era unha persoa moi austera, característica que se foi suavizando co paso dos anos. Porén, non era exactamente agarrado; o diñeiro interesáballe pouco persoalmente, si en canto ás posibilidades de investimentos industriais, de feito a maior parte dos seus beneficios empresariais dedicábaos a reinvestimento industrial. En troques, non o atraían os investimentos meramente especulativos como a Bolsa ou o sector inmobiliario.

Era moi directo, pouco diplomático. Era unha persoa pouco sociábel; ás vodas dos sobriños, por exemplo, ía só á cerimonia relixiosa, pero nunca aos banquetes. Esa actitude procedía, en parte, da súa reducida facilidade de palabra.

A pesar de que pasou polo seminario non era practicante. Porén, mantiña moi boas relacións cos sacerdotes e coas monxas, era o promotor e mecenas da residencia da terceira idade de Chantada, unha residencia ben deseñada e cuxa dirección insistiu en que fose levada polas monxas. Tamén apoiou con xenerosos donativos as monxas do asilo de Lugo, non tanto por motivos relixiosos senón por considerar que eran as que desempeñaban unha función social máis desinteresada, abnegada e austera, calidades que coincidían co seu propio ideal de vida.

Gustaba de supervisar —ou mesmo realizar el— ata os mínimos detalles das súas empresas, rexeitaba delegar funcións noutros, mesmo nos seus sobriños, non tanto por desconfianza senón porque prefería facer as cousas persoalmente. Neste sentido, non se preocupou de asegurar a continuidade das súas empresas a través da selección e formación dos seus sucesores, nin sequera dentro do grupo familiar. Era bastante volúbel nas súas filias persoais e os seus colaboradores podían caer en desgraza da noite á mañá. Nos aspectos técnicos e financeiros era onde máis tendía a delegar en expertos, sobre todo a partir dos anos oitenta, polo seu carácter máis especializado. Porén, mantívose aferrado a un modelo tradicional de dirección personalista e non adaptou as súas empresas á revolución xerencial iniciada xa nas compañías americanas a finais do século XIX, baseada na separación de propiedade e xestión e na profesionalización desta última nas mans de titulados universitarios, nos que non acreditaba. Nas empresas do sector forestal, creadas xa ao final da súa vida profesional, o novo sistema veulle xa dado e aí non lle quedou máis remedio que aceptar os novos tempos.

Era unha persoa modesta, á que non lle gustaba o boato nin aparecer nos medios de comunicación. Polo que atinxe á súa participación en actividades de carácter representativo, o seu carácter retraído, a falta de valía para as relacións públicas e a absorbente dedicación ás súas empresas fixo que non salientase nese eido, aínda que participou na creación da Caixa de Aforros de Lugo e foi vogal da Cámara de Comercio desa mesma cidade. Fóra do ámbito empresarial non era moi amigo de ocupar cargos relevantes noutras institucións cidadás. Tampouco lle tentou nunca a política, actividade que non o atraía, aínda que procuraba manter os contactos mínimos necesarios coas autoridades para favorecer a marcha das súas compañías, especialmente nunha época como o franquismo na que o acceso fluído á administración era un requisito indispensable para o éxito e o mantemento empresariais. Porén, esta función era desempeñada máis ben por algún dos seus irmáns, especialmente por Camilo que residía en Madrid, e gozaba de prestixio persoal e profesional con persoeiros de grande influencia, mesmo ministros do Goberno.

Estaba imbuído dunha concepción altruísta da súa función empresarial, cuxo motor non era tanto o desexo de facer cartos senón xerar riqueza e postos de traballo.

Lía a prensa diariamente para estar informado puntualmente da actualidade económica e política pero non era dado, nin tiña tempo tampouco, a lecturas doutra índole.

Politicamente era unha persoa conservadora, fraguista ata os miolos, pero non excesivamente apegado ao réxime franquista. Era pouco dado aos recoñecementos oficiais e aceptou a medalla Castelao unicamente por ser Fraga o seu concedente.

Faleceu en Lugo o 17 de abril do 2004 sen gran repercusión nos medios, como desexou sempre que fose a súa propia vida.

## Bibliografía

- CALCEDO ORDÓÑEZ, V. (1996): «Crisis, evolución y cambio en la ganadería de vacuno de leche de la España húmeda (1950-2000)», en DOMÍNGUEZ MARTÍN (1996).
- DOMÍNGUEZ MARTÍN (ed.) (1996): *La vocación ganadera del norte de España*, Ministerio de Agricultura.
- FILGUEIRA VALVERDE, X. (1974): «López Suárez, Juan», en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo XIX, pp. 17-57.
- MARTÍNEZ LÓPEZ, A. (1991): «Antecedentes del sector lácteo gallego», 1890-1935, *Agricultura y Sociedad*, núm. 59.
- (1996): «Perspectiva histórica de la ganadería gallega: de la complementariedad a la crisis de la orientación láctea, 1850-1995», *Historia agraria*, núm. 20.
- RICO BOQUETE, E. (1999): *Montes e industria forestal en la provincia de Pontevedra (1900-1975). Antecedentes y desarrollo de la empresa Nacional de Celulosas, S.A.*, Santiago, Tórculo.